

CONCERTO

AS RÚAS DO VENTO CEIBE

Poemas de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Manuel María
Música de Xosé Carlos Seráns Olveira




Interpretación musical:
Orquestra Sinfónica de Pontevedra

Coro mixto integrado por:
Coro de Cámara Thalassa de Marín / Coro do
Hospital de Lugo / Coro Liceo de Vilagarcía /
Coral Solfa de Compostela / Sociedade
Coral Polifónica de Pontevedra

Coro xuvenil integrado por:
IES A Xunqueira de Pontevedra / Voces da
Terra Chá de Lugo / Peque Coro in crescendo
de Ferrol

Mezzosoprano: Julia Portela Piñón

Director: David Fiuza



MAIO 2026

Venres 15 de maio de 2026 ás 20:30h
Auditorio Municipal Fuxan os Ventos de Lugo

Venres 29 de maio de 2026 ás 20:30h
Pazo de Congressos de Pontevedra

Sábado 30 de maio de 2026 ás 20:30h
Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela

PRESENTACIÓN

O espectáculo “As rúas do vento ceibe” é unha macroprodución que reúne a máis de 300 persoas no escenario co fin de poñerlle música e voz a diversos poemas galegos, particularmente de Manuel María. Nel plásmase a entrega, a xenerosidade e o compañeirismo de todas as persoas e formacións participantes -coros e orquestra coas súas respectivas direccións, mezzosoprano e director do espectáculo- posibilitando este soño colectivo. É de xustiza engadir o bon facer na composición das pezas e a tenacidade en sacar o proxecto adiante de Carlos Seráns. Aínda así, todo isto non se podería levar ao escenario sen o firme compromiso das institucións que apoiaron. Gratidade e recoñecemento a todas e todos.

PROGRAMA

Home**

Poema de Manuel María

Para mezzoprano e orquestra

Terra Chá**

Poemas: Terra Chá, Dimensións e Pobo, de Manuel María

Para mezzoprano e orquestra

Rosas**

Poema de Manuel María

Para coro mixto e orquestra

A Castelao**

Poema de Manuel María

Para coro mixto e orquestra

Soia**

Poema de Rosalía de Castro

Para coro mixto e orquestra

Moraima*

Poema de Celso Emilio Ferreiro

Para mezzosoprano, coro mixto e orquestra

As rúas do vento ceibe*

Poemas de Manuel María interpretados polos coros xuvenís e orquestra:

1. Mapa de Galiza
2. A fala
3. A bandeira
4. O escudo
5. Día da Patria Galega
6. A emigración
7. A colonia

*Estrea absoluta

**Estrea en versión orquestral

CURRÍCULOS

Xosé Carlos Seráns Olveira, director e compositor, é impulsor de numerosos proxectos musicais. Dirixiu as Bandas de Música de Santiago, A Coruña, Merza, Rianxo, Catoira, Padrón, Rábade-Begonte, Federación Galega, Sevilla, Albacete e Madrid. Como compositor, conta cun amplo catálogo de obras para banda, orquestra, coro e agrupacións instrumentais, incluíndo encomendas institucionais e estreas en importantes auditorios galegos e de fóra de Galiza. Na actualidade é o xerente da Banda Municipal de Santiago e presidente da Asociación Galega de Compositores (AGC).

David Fiuza (Vila de Cruces, 1985)

Titulado de Clarinete (CSM Vigo), Dirección de Orquestra e Coro (CSM Valencia) e Dirección de Banda (Zuyd Hogeschool Maastricht). Actualmente é director titular da Banda Municipal de Santiago de Compostela e da Banda Sinfónica Galega.

Ten dirixido agrupacións profesionais (Real Filharmonía de Galicia, Banda Sinfónica Portuguesa, Norwegian Wind Ensemble, Orquestra de Guimaraes, Bandas Municipais de Madrid, Palma de Mallorca, A Coruña, etc...) así como numerosas agrupacións sinfónicas e camerísticas de proxectos, amateurs e educativas. Foi director titular de Gran Canaria Wind Orchestra, Banda Unión Musical de Meaño, Banda "La Armónica" de Buñol, Banda Artística de Merza, Banda de Lalín, etc.

Julia Portela Piñón

A mezzosoprano Julia Portela Piñón (Lugo 1995) conta cunha sólida formación musical e proxección internacional. Estudou na *Guildhall School of Music and Drama* e na *Royal Academy of Music* de Londres. Participou en concursos internacionais en Letonia, Austria, Polonia, Berlín, Londres, Nova York, ... Como concertista e baixo a batuta de importantes directores interpretou os roles de Flora Bervoix (*La Traviata*), Zita (*Gianni Schicchi*), La Suora Zelatrice (*Suor Angelica*) e Alisa (*Lucia di Lammermoor*) coa Cape Town Opera. O seu repertorio inclúe obras de Beethoven, Mozart, Bach, Haydn, ... Recentemente debutou no *Gran Teatre del Liceu* cunha estrea de Àlex Ollé, e encarnou o rol de Dorabella (*Così fan tutte*) en Luxemburgo. Na tempada 2024/25 J. Portela actuou como solista coa Banda Municipal de Santiago de Compostela no Auditorio de Galicia; coa *Orquestra Xove "Terra Nova"* de Lugo na inauguración do Auditorio Municipal *Fuxan os Ventos* de Lugo; co *Orfeón Terra A Nosa* no Teatro *A fundación* de Vigo e na Igrexa de San Martiño Pinarío.

<https://www.juliaportelapinon.com/about>

Orquestra Sinfónica de Pontevedra

Nace a finais de 2006 co obxectivo de integrarse no contexto social, educativo e artístico de Pontevedra e de Galiza. Actuou nos principais auditorios galegos e colaborou con numerosas institucións artísticas. Participou en eventos como o Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol e a Mostra S8 da Coruña. Conta con catro traballos discográficos e desenvolve un importante labor didáctico e familiar realizando no Pazo da Cultura concertos anuais de grande éxito.

<https://www.sinfonicadepontevedra.com/>

Coro de Cámara Thalassa de Marín

Fundado en Marín en 1994, está integrado por 16-20 voces mixtas. Conta cun repertorio de polifonía relixiosa e profana que abrangue do século XIV ao XXI. Desde 2019 dirixe a agrupación Gonzalo Martín Lorenzo, persoa de sólida formación musical. Thalassa ten como obxectivo transmitir o gusto pola música coral; facer de cada actuación unha celebración de paixón pola música.

<https://corothalassa.com/>

Coro do Hospital de Lugo

Fundado en 1991, desde 1992 ten como director a Fernando Gómez Jácome. Hoxe conta con 45 membros. Durante estes 35 anos ten un amplo percorrido por varios países de Europa, Arxentina, España e, moi especialmente Galiza, acadando prestixio e recoñecemento. Grava dous discos, ao cumprir o X e o XX aniversario da súa creación. O seu repertorio contén música galega popular e de creación poética, música sacra, clásica, habaneras, ópera e zarzuela.

<https://corodohospitaldelugo.org/es>

Coro Liceo de Vilagarcía

Fundado en 1981, celebra este ano o seu 45 aniversario. Os moitos concertos realizados nestes anos ofrecen un repertorio moi variado: representacións de zarzuela, ópera e obras de grandes compositores, clásicos e contemporáneos. Actuaron por toda Galiza, outras cidades do Estado e Portugal. Gravarón 4 CDs, un deles de música galega. Dirixe a coral Josefa Dorado.

<https://xn--corosdeespa-khb.com/coro-liceo-de-vilagarcia/>

Coral Solfa

Nace en 1998 dentro da *Asociación Cultural Musical Solfa* das Fontiñas. Ten como obxectivo a normalización do noso idioma e a revalorización da nosa cultura. O repertorio baséase na música galega e portuguesa, tanto popular como de poetas cultos. En 2023 gravou o CD "Cantos de agora e sempre". Actuou na Galiza: A Coruña, Lugo, Ferrol, Compostela, ...; tamén en Madrid, Euzkadi e Póvoa de Varzim. Conta con 38 membros dirixidos por David Lojo Ces.

<http://asociacionsolfa.gal>

Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra

Directora: Nanette Sánchez Ordaz

Fundada no ano 1925 por personalidades da cultura galega como A. Losada Diéguez ou Castelao. Desde entón, ofreceu máis de 700 concertos.

Entre outras distincións recibidas, destaca a Medalla de prata da Cidade de Pontevedra.

<https://filarmonicapontevedra.org/>

O Coro do IES A Xunqueira I

Dirixido por María Luísa Sánchez González, acumula premios en certames nacionais e internacionais, participa en festivais como o Roma Music Festival e Europa Cantat, en óperas como Werther e colabora con orquestras como a Real Filharmonía de Galicia ou Vigo 430.

O peque Coro in crescendo

Nace en 2010-2011 grazas á ilusión de 20 nenos e nenas e das profesoras Catuxa Pita Evia (Lingua Musical) e de Alexandra Pita Evia (Piano) do Conservatorio profesional de Música de Ferrol.

No 2016 creouse o "Vín", obtivo unha Mención Honorífica na VI Mostra Musical do Eixo Atlántico e recentemente o 3º premio no I Certame Coral Galego.

<https://pequecoro.blogspot.com/>

Coro Voces da Terra Chá

Nos últimos anos, nas nosas Escolas de Música Mancomunadas e no Centro de Ensinanzas Artísticas Profesionais de Música da Terra Chá (Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol), comprobamos que a práctica coral depende do compromiso adulto. Por iso, este ano creamos unha Aula de Coro infantil, dirixida por Tabea Graser, que recibiu un empuxón definitivo grazas á extraordinaria motivación do convite a participar no proxecto «As rúas do vento ceibe».

POEMAS

PARTE I:

1. Home

Témolle a Compostela porque fire
a miña dor de home cruelmente.
a miña carne de arxila cantadora,
a miña voz de chíó apaixonado.

Eu son home. Sinxelamente home.
Non me lembro xa cando nacín.
Na néboa de Compostela estou empadroado.
Na lembranza da luz habito eu.

...e témolle a esa choiva largacía
que me cai na carne e na conciencia
con vontade de laio non laiado...

Compostela a metérseme nas veas
para escurecer co seu reflexo chumbo
o meu raio de luz tristurecido.

Eu home. Home tan só en Compostela
percurando un vieiro nas estrelas.
¡Un facho de luz con que alumarme,
con que matar eternamente o medo!

Manuel María, *Poemas a Compostela* (1993)

2. Poemas: Terra Chá, Dimensiós e Pobo

Terra Chá

A Terra Chá somentes é
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

Dimensiós

Ollada a Terra Chá dende as alturas
é semellante a un mar en calma.
Pra medila só valen dúas mensuras:
ferrados de corazón, fanegas de alma!

Pobo

Vinte, trinta casas. Aí están
cunha feitura xusta e aldeán.
A terra é moura. Dorme con desgana
sen a curva feminina da montana.

Us prados, a mazaira e a cerdeira.
Os palleiros ocupan media eira.
Os cás, entre as casas, a folgar,
ladrando por ladrar.

Manuel María, *Terra Chá* (1954)

3. Rosas

Sempre a rosa. Sempre:
a forma,
a cor,
o recendo,
a luz,
a perfección da rosa.
Prefiro a rosa vermella.
E amo a rosa branca
porque, cando lle digo
simplemente: ROSA
entorna os ollos,
treme
e ruborece.

Manuel María . *A luz resucitada* (1984)

4. A Castelao

CASTELAO: castelo, outo navío,
conciencia desta terra desnortada
palabra verdadeira e namorada
contra o medo, a morte, o arrepío.

Voz clamando na noite desolada
pra quebrar tanto xelo, neve, frío,
medo, miseria, tristura e desvarío
camiño do non ser indo pra a nada.

¡Ouh noso Daniel: semente e vida
rella, motor, timón e estrobo
espranza xenerosa e compartida!

O teu/noso ideal eterno e novo:
¡unha patria galega presentida
erguida polo povo, só pró povo!

Manuel María. [*Follas Secas*, Ourense,
decembro 1986 // *Amencer*, nº 167, 2000;
con variacións ortográficas respecto desta
versión...]

5. ¡Soia!

Eran craro-los días,
risoña-las mañáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.

Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo ña a esculcar.

Tomóu un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornou máis.

Ó cabo dos tres días,
botouna fóra o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soia enterrada está.

Rosalía de Castro, *Follas Novas*.
“Do íntimo” (1880)

6. Moraima

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.
Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.
Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.
Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.
Cando quero morrer
non digo nada.
E mátame o silencio
de non decir Moraima.

Celso Emilio Ferreiro,
Onde o mundo se chama Celanova (1975)

PARTE II:

Poemas de Manuel María do libro *As rúas do vento ceibe* (1979): Mapa de Galiza, A fala, A bandeira, O escudo, Día da Patria Galega, A emigración, A colonia.

1. Mapa de Galiza

Un gran mapa de Galiza
pintei con moita ilusión.
Un mapa da miña terra,
terra da miña nación!

A unha grandísima estrela
é Galiza semellante.
Estrela de moitas puntas
ou un luceiro xigante!

As puntas marcan os rumbos
dos máis diversos roteiros
que seguen os emigrantes
deixando pobos baleiros.

Pintei os mares de mouro
e enchín de melancolías
o verde das carballeiras
e o tenro engado das rías!

E púxenlle aos nosos montes
a súa cor natural:
Manzaneda, Pía Páxaro,
Serra do Faro e Xistral...!

Nas bisbarras debuxei
unha fonda soedá:
Bergantiños, o Courel,
o Ribeiro, a Terra Chá...!

E cruzando a nosa Terra, tal unha banda, o Pai Miño.
Banda da nosa bandeira,
guía do noso destino...!

2. A fala

O idioma é a chave
con que abrimos o mundo,
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós,
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
máis grande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte de que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
Precisamos a lingua
se queremos vencer!

3. A bandeira

A bandeira de Galiza
é dun branco inmaculado
con unha banda de azul
que a atravesa lado a lado.
E no medio do azul
-cores do ceo e do mar-
estrela de cinco puntas
como un facho a relumbrar.

Esa estrela vermella
de sangue roxo e caudal
é signo liberador
do asoballo nacional.

Á bandeira de Galiza
sen a estrela vermella
parece que algo lle falta:
un soño morto semella!

Vermello, branco e azul
berran na nosa bandeira
a nosa esperanza de hoxe
e a da Galiza vindeira!

4. O escudo

O escudo de Galiza
leva na parte central
un cáliz que simboliza
a lenda do San Grial.

E arredor do cáliz, sete
cruciñas en procesión:
As sete vellas provincias
que tiña a nosa nación!

O cáliz garda o misterio
do vello credo druída:
"SE NON TEMOS LIBERDADE,
DE QUE VALE A NOSA VIDA?"

As sete cruces, estrelas
do Setestrela a alumar
todas as rotas da terra
e os camiños do mar.

O noso escudo galego
di dun pasado lonxán,
ouh Galiza, nación celta,
filla do pai Breogán...!

5. Día da Patria Galega

Día da Patria Galega,
o vinte e cinco de Xulio.
Lembramos a Castela,
a Reboiras e o Medulio!

Os Irmandiños e Bóveda
van no noso corazón
coas inxustizas e aldraxes
que sofre a nosa nación.

Lembramos os emigrantes,
víctimas desa inxustiza
de ter que ir gañar o pan
a moi lonxe de Galiza.

Toda a patria é un tremor
dendes do mar deica a serra.
Vai de Tui a Ribadeo
e do Courel a Fisterra...!

Coa nosa bandeira á fronte
non hemos retroceder.
Galiza ten que ser ceibe!
Temos, irmáns, que vencer!
O vinte e cinco de Xullo
é a data máis fermosa:
Festa nacional galega
e Día da Patria nosa...!

6. A emigración

Hai un cancro que nos roe,
hai un cancro roedor,
un tumor, maligno e feo,
que nos enche de terror!

Hai un cancro moi antigo
que semella non ter cura:
causa mágoas, causa dores,
causa bágoas e tristura!

Hai un cancro moi activo,
hai un cancro moi potente,
que desfai a nosa patria
e destrúe a nosa xente!

Hai un cancro moi terríbel,
purulento e vergonzoso.
Hai un cancro moi noxento
que aniquila ao pobo noso!

Hai un cancro moi activo
que destrúe lentamente,
que desfai a nosa patria
e nos leva a nosa xente.

Hai un cancro arrepiante
que só vive da inmundicia
e que zuga, día a día,
todo o sangue de Galicia.

Ese cancro que nos mata
e remata coa nación
ten un nome moi concreto
que se chama: EMIGRACIÓN!

7. A colonia

A colonia é unha nación
con riqueza e con cultura
na que o colonizador
emprega sempre man dura.

A colonia é unha nación
con cultura e con riqueza
á que o colonizador
ten sumida na pobreza.

A colonia é unha nación
ofendida e humillada
á que o colonizador
ten muda e asoballada.

A colonia é unha nación
humillada e ofendida
á que o colonizador
ten atada e oprimida.

A colonia é unha nación
que vai perdendo a conciencia.
Desfalla o colonizador
pola propia comenencia!

A colonia é unha nación
que se autoodia a si mesma.
O que lle impón a metrópole
trae un divino carisma...!

Cavila, neno, e responde
a esta pregunta, sen máis:
- É Galiza nación ceibe
ou é colonia, quizais...?

Grabación en directo no Auditorio de Galicia
Técnicos de son: Miguel Novás e Pablo Barreiro

CASA - MUSEO
MANUEL MARIA

AdOC
Amigos da Ópera
de Compostela

 Deputación
DA CORUÑA

 CONCELLO DE
SANTIAGO

 Concello
de Pontevedra

 Concello de Lugo

 DEPUTACIÓN
DE LUGO